

AMOR Á ARTE

Por Manuel P. Rúa

Pensan algúns que onde a ría se chama Bueu apenas hai algo máis ca praias, veraneantes ilustres, balonmán, conserveiras, lonxa, Corpus, viño de Cela ou viaxes á illa de Ons. Certo é tamén que aquí, coma en Madrid ou Buenos Aires, hai moito clon de Julio Iglesias, astutos investidores en bolsa, afiliados ás tascas do viño canalla, artistas do piercing, torturadores de bonsais, Maradonas por milleiros, etc. etc. As mesmas máscaras dos mesmos entroidos, como se fose un país de repretición, de karaoke.

Pero acontece que esta mañá, mentres a maioría da xente almorza, leva os nenos á escola e vai traballar, a panadeira, recién chegada ó seu cuarto, olla para o interior do armario onde non hai berce nin patucos, non recende xa a colonia infantil nin a biberóns, queda a penas o vello axóuxere pendurado como recordo e o álbum das vellas fotografías. Hoxe a súa filla cumpre dez anos. Á mesma hora déitanse os mariñeiros de baixura. Son parte dun pobo invisible que traballa na noite para que outro viva cada día.

Hai moita xente que non sae nin na letra pequena, moito pobo anónimo que traballa por amor á arte. Non ten prezo o bo labor do pan nin o traer a terra o peixe de cada día, pero que dicir cando os protagonistas do milagre aínda embarcan na aventura de montar unha asociación cultural ou traballar nos problemas socioculturais de Bueu, promovendo o cambio, o debate das novas ideas, a mellora da sociedade, todo un estilo de vida normalmente ignorado, cando non desprezado, polas máscaras e os falabaratos, eses que alcuman en vez de botar unha man, os que odian canto ignoran.

Como a filla da panadeira, a asociación cultural As Lagoas tamén cumpre dez anos e teño para min que o teatro, as vellas fotografías e a memoria histórica, o bote polbeiro, o debate do museo Massó, etc., marcaron unha raia que vai da noite ó día, dun antes/despois en Bueu. Contra quen pensa que a historia non puido ser doutro xeito, J. Berger di que nunca máis volverá a contarse unha historia como se fose a única.

Máis dun pensamos que nesta banda da ría que se chama Bueu, houbo nestes derradeiros dez anos varios cambios imposibles de entender sen As Lagoas, recendo de pan cada mañá, de peixe fresco na lonxa, do labor mancomunado de quen traballou pola cultura da noite para facer o día.